Conexións (tiradas cando menos do poema escollido)



Exemplo:

(1) Personificación de Galicia, encarnado nun ser maltratado, a quen se dirixe en apóstrofe un falante lírico indignado, solidario e/ou doído. → Actualmente tamén se podería personificar unha entidade: a propia Galicia, un continente, un colectivo como os desafiuzados, etc.

(2) A emigración masiva por causa da extrema pobreza de boa parte das clases populares. → A emigración tamén é un tema de actualidade, aínda que afecta máis ás clases medias con formación, de xeito especial á xente nova con estudos.

(3) Hipérbato: dos fillos teus ao amor non tes dereito - por que o peitiño de dores tes cheo? - dos celtas antigos, gloriosos exemplos... → Sen recursos te deixan, da túa terra expulsada.

(4) Hipérbole: reino sen segundo - nin pedra deixaron en donde eu vivía - Galicia sen homes quedas... → Todas as portas pechadas para dicir quen es.

Creación posterior posíbel:

Vestíronte de aventura
para o gran parque de distraccións do teu futuro.
Cubriron con metalizado aeronáutico
o camiño de medo milenario que che rodea as costelas.
Seica presta deixar a chuvia necesaria, din.

Pero ti sentes o contacto, a palma de papel aceiro que te empurra fóra do recinto...
ti sabes que están todas as portas pechadas para dicir quen es.
Sen recursos te deixan, da túa terra expulsada.

E chegou a hora de responder, xentenova,
esfarrapar roupa e medo e dicir aquí son.

Proposta de creación alternativa, sobre o poema “Tecín soia a miña tea”.

Tecín soia a miña tea, sembrei soia o meu nabal, soia vou por leña ó monte, soia a vexo arder no lar. Nin na fonte nin no prado, así morra coa carrax, el non ha de virm'a erguer, el xa non me pousará. ¡Que tristeza! O vento soa, canta o grilo ó seu compás... Ferve o pote... mais, meu caldo, soíña t'hei de cear. Cala, rula, os teus arrulos ganas de morrer me dan; cala, grilo, que si cantas, sinto negras soïdás. O meu homiño perdeuse, ninguén sabe en onde vai... Anduriña que pasache con el as ondas do mar; anduriña, voa, voa, ven e dime ond'está. Rosalía de Castro: *Follas Novas*	1. Escolle unha persoa que represente as vítimas dunha situación social inxusta: un neno palestino, unha moza sometida ás redes de prostitución, unha persoa que pretende cruzar o valo de Melilla, un parado sen subsidio... 2. Pensa cal será a perda que máis lle está a afectar na súa vida: a familia, a liberdade, o traballo... 3. Fai un listado de accións cotiás que lle fan lembrar esa perda. Exprésaas en 1ª persoa e con formas paralelísticas. Por exemplo, para unha nena nun país en guerra e que perdeu a inocencia: *Esperto espantada na noite,* *aférrome espantada contra a cama,* *co pánico galopando vexo o día,* *co pánico que se instala nos labios.* 4. Terás así a base do teu poema. A partir dela, desenvolve unha escena con notas descritivas e reaccións do falante lírico.